

CENTRO
COREOGRÁFICO
GALEGO

A dancer in a bright yellow, flowing dress is captured in a dynamic pose against a dark background. The dancer's body is arched, with one leg extended upwards and outwards, and her arms are raised. The lighting highlights the texture of the dress and the contours of her body. A vertical white line is positioned to the left of the title.

Etheria

A viaxe soñada

Mercedes Suárez
Coreografía e dirección

Santiago de Compostela
Salón Teatro
28 e 29 de xullo ás 21.30 h

XUNTA DE GALICIA



centro
coreográfico
galego

Beatriz Ponlla | Belén Vázquez profesoras de danza

Pilar Peña documentación

María Luisa Vilarinho secretaria de dirección

Milagros Reimúndez | Cristina Cordido xastras

Hugo Peñamaría auxiliar de son

Jesús R. Arias técnico de maquinaria

Carlos Taboada | Carlos Rilo | José Ramón Bugliot

Xosé Lois Romero | Suso Vaamonde músicos

Roberto Beceiro pianista

Pilar Rodríguez asesora xurídica (Agadic)

Rosa Picos administración (Agadic)

Ana Rosales | Ana Miragaya prensa (Agadic)

Centro Coreográfico Galego

Complexo Deportivo de Elviña
Avda. de Glasgow s/n 15008 A Coruña
Tel: 981 134 946
formación.ccg@xunta.es
www.centrocoreografico.org

Prensa: Agadic

Rúa da Vesada s/n. San Lázaro
15703 Santiago de Compostela
Tel. 981 577 126 / 128
(ext. 105 e 116)
prensa.agadic@xunta.es





Índice

Centro Coreográfico Galego | 04

Etheria, a viaxe soñada | 06

Ficha artística | 06

Mercedes Suárez, coreografía e dirección | 09

Isaac Garabatos, composición e dirección musical | 11

Antonio Simón, deseño de escenografía e iluminación | 12

Marcos Garabán, deseño de vestuario | 13

Rosa Cedrón, vocalista | 14

O corpo de baile | 15

Os músicos | 20



Etheria

A viaxe soñada



Mercedes Suárez

concepción, coreografía e dirección

Isaac Garabatos

composición musical

Antonio Simón

iluminación e escenografía

Marcos Garabán

deseño de vestuario

Pixel Films

montaxe audiovisual

Yolanda Pérez

repetidora

María Alonso

asistente de coreografía

Pilar Peña

Jesús R. Arias

producción

Beatriz Ponlla

Belén Vázquez

profesoras de danza

IGMAR

luces

Hugo Peñamaría

son

Uqui-Cebra

deseño gráfico

Begoña Bah

fotografía

Antonio Cid

vídeo

Cristina Cordero

Milagros Reimúndez

xastras

Intérpretes

Irene Rubio

Ariel Gastón A. Caramés

Miguel Ángel Ponte

Elena Chamorro

Fátima Fernández

Beatriz Garrido

Ástrid Molinero

Lucía Antonella Sampieri

Pablo Aradillas

Juan Miguel Hernández

Pastor Rodríguez

Carlos Ugarriza

Músicos: ISGA Collective

Mónica de Nut voz e pandeireta

Lorena Freijeiro gaita, low e frautas

Patricia Argüelles violín e coros

Jesús Andrés Tejada guitarra eléctrica, PC e coros

Xavier Bértolo teclados e coros

Jean Marc Van Loo baixo e coros

Isaac Garabatos guitarra, teclado, melódica, coros e dirección musical

David Outomuro batería e percusión

Rosa Cedron artista invitada

Agradecemento:

Televisión de Galicia

(cesión de imaxes)

Coa estrea de *Etheria, a viaxe soñada*, o Centro Coreográfico Galego ofrece a súa cuarta produción artística, na que presenta unha particular e accesible visión do mundo das peregrinacións, ao tempo brinda a súa proposta a un ano Xacobeo que inspira todo tipo de manifestacións culturais.

Trátase dunha peza audaz e dinámica pola súa capacidade de combinar, de xeito tan equilibrado como fluído, as representacións da historia milenaria con elementos da máis cotiá actualidade, a simboloxía clásica cos patróns máis contemporáneos.

Etheria, a viaxe soñada conta na súa xénese cunha sólida base histórica, cargada de documentadas alusións a coñecidas figuras da antigüidade galega, o que non lle impide á súa directora e coreógrafa, Mercedes Suárez, introducir axilmente no seu desenvolvemento elementos anacrónicos, reivindicando así o espírito universal e atemporal das grandes viaxes ao longo da historia da humanidade e da mitoloxía. Todas estas viaxes teñen en común, na súa orixe, ser froito dunha chamada no interior das persoas, dunha necesidade espiritual que se satisfai a través do avance nun camiño. Esta é a idea da que parte a motivación do espectáculo.

A protagonista

Etheria foi unha personaxe real na historia real. Realizou unha longa peregrinación que a levou a Oriente Medio e á Terra Santa, nun momento indeterminado entre os séculos IV e V d.C. Seguidora do proscrito movemento priscilianista na Gallaecia previa á caída do Imperio Romano de Occidente e á consolidación do poder da Igrexa Católica, Etheria, muller culta, instruída nos textos bíblicos e pertencente ás castas nobres, de forte carácter e notable forza intelectual, inicia unha viaxe que supostamente reflicte nun *Itinerarium* non conservado nin transmitido. O seu carácter e as súas circunstancias están latentes en toda a representación, na súa plasticidade e na súa argumentación.

A interpretación da historia

Son escasas as referencias históricas documentadas sobre Etheria, factor que facilita a liberdade de interpretación sobre a súa vida e as súas accións e, especialmente, sobre a súa odisea por Oriente Medio a través da Europa mediterránea. Esta liberdade interpretativa outorga sobre o escenario a licenza para transcender os límites do espazo e do tempo, unha práctica que se mostra evidente no desenvolvemento da representación e que sitúa a súa acción na viaxe de volta a Gallaecia da protagonista, relatando as súas experiencias nunha alusión ao mito de Ulises e o seu regreso a Ítaca.

O espectáculo

Así, *Etheria, a viaxe soñada* é un espectáculo que supera calquera clasificación pola súa propia lectura da historia e pola interpretación dos personaxes que o conforman, pola orixinalidade das pezas musicais que envolven os seus pasos, polos recursos audiovisuais que o acompañan no escenario e pola suxestión atemporal do vestiario utilizado.

Etheria sente o impulso interior de emprender unha viaxe ao exterior, empurrada polo seu carácter decidido e polas súas conviccións na fe e nas máximas de Prisciliano, personaxe que se adiviña na acción e a lanza á súa odisea. Á vez, Prisciliano protéxea na súa viaxe das tentacións terreaís, sempre personificadas na figura simbólica do sátiro, coa que se fai un aceno ás relacións humanas establecidas na peregrinación e que transcenden o seu espírito relixioso. Ante Etheria, ábrese no camiño un mundo descoñecido, heteroxéneo, no que a propia ameaza da contradición ás súas crenzas non fai máis que a reafirmación nelas, e no que a presenza da xente coa que comparte o obxectivo común do camiño enriquece a súa traxectoria vital.

O escenario

As referencias históricas, xa consolidadas, pasan a un segundo plano, mentres emerxe na acción o significado temático: o proceso de facer un camiño, de experimentar a forza dunha peregrinación, de facer unha viaxe polo propio interior a través de rutas marcadas pola historia. A coreografía introduce recursos representativos que sitúan o espectador en contextos familiares e próximos, que o aproximan á Gallaecia de Etheria ou á Galicia do Xacobeo, e que poñen de manifesto que o transcendental da viaxe está dentro das persoas, do seu convencemento na aventura, e do azar que lles depara o propio camiño.

A música

Composta e dirixida por Isaac Garabatos e interpretada en directo polos integrantes do grupo galego ISGA Collective, a música dota cada escena da coreografía e do ritmo axeitados. Polo camiño de Etheria van transcorrendo sons que recrean os diferentes contextos da historia e a dinamizan segundo as necesidades dun guión que marca a presenza de sons monacais ou arábicos, orientais ou celtas, sempre interpretados baixo a proposta vangardista e xenuína de ISGA Collective.

A participación en escena da vocalista Rosa Cedrón é un agasallo que vén enriquecer aínda máis o plano sonoro deseñado especialmente para o espectáculo.



Mercedes Suárez

Coreografía e dirección

Mercedes Suárez, nada na Agualada, no concello coruñés de Coristanco, é titulada superior en Danza polo Real Conservatorio de Danza de Madrid, e en Anatomía e Biomecánica aplicada á danza pola Universidade de Alcalá de Henares.

Inicia a súa formación artística a partir de 1968 con notables mestres de danza clásica e contemporánea en distintos lugares do mundo: con Carmen Ocaña, Emilia Ardanuy e Karen Taft, en Madrid; con Irina Grjvina en París; con Víctor Ullate, Emilio Altés e Mme. Periphanos, en Bruxelas; con Nina Virubova, en Girona; con Marica Besobrasova, en Mónaco; con José Parés, en Caracas; e con Valentina Gabanilova, en San Petesburgo. Nestes tres últimos destinos foi bolseira da Xunta de Galicia. Tamén estudou con Lidia Azzopardi e Vicente Sáez en Barcelona e con Carl Paris e Arnold Patersson en Madrid.

Como bailarina, Mercedes Suárez inicia a súa carreira en 1973 no Ballet Clásico de Madrid dirixido por Eva Borg. En 1976 trasládase ao Ballet de Versailles (Francia), como bailarina e axudante de coreografía.

En 1981 funda na Coruña a Escola de Danza Druída e empeza a impartir clase de danza en centros como o Estudio de Danza Degas en Ferrol, onde tamén participa no Taller de Teatro do Concello; na Coruña, no Taller de Danza e no Taller de Teatro; ou no Ballet do Noroeste de Viana do Castelo (Portugal). Tamén exerce como xefa de estudos no Conservatorio Oficial de Danza de Lugo entre os anos 2003 e 2004.

Na faceta de coreógrafa, Mercedes Suárez ten unha ampla experiencia a nivel nacional e internacional. Algunhas das súas coreografías realizounas en espectáculos dirixidos por Eduardo Alonso: o musical *Glass City*, e as producións do Centro Dramático Galego *O enfermo imaxinario* e *As alegres casadas*. Participa, así mesmo, en producións de distintos formatos, como os vídeos e documentais de F. Villaverde *Tacon* e *Ai amante*; *Lendas*, de M. Abado, ou no vídeo promocional de Susana Seivane para TVE. Tamén participa en pezas de videodanza.

A súa actividade de creación coreográfica esténdese tamén a obras de ópera, como as representacións na Coruña de *Fausto*, *Rigoletto* e *Dido y Eneas*.

Para a Orquestra Sinfónica de Galicia participou en fragmentos de *El cascanueces* e *La Bella Durmiente*, de Tchaikovsky; *Bolero*, de M. Ravel; *Julieta en sueños*, de Juan Bara; e *El Carnaval de los animales*, de Saint Saens. Son salientables tamén os seus traballos nas entregas de premios da Agapi en 1996 e 1999, dos Mestre Mateo entre os anos 2002 e 2005, e nos Premios de Teatro María Casares. É coreógrafa da TVG desde 1992, e foino para TVE nas galas de verán de 2003.

Como directora da compañía Druída Danza, realiza desde 1988 a coreografía e dirección de múltiples representacións en Galicia: *Drama de mulleres* (1990), *A Mari Gaila* (1995), *Fronza* (1998), *Cuore* (1999), *Metamorfosis de F. Kafka* (2000), *En espera* (2001), *Lúa amarga* (2002), *O calar do tempo* (2003), *A redeira* (2004), *20 anos non é nada* (2005), *Verde transparente* (2006) e *ABC Danza* (2007). Moitos destes espectáculos foron representados en escenarios de Portugal, Barcelona, Biscaia, París ou Bucarest.

Mercedes Suárez realizou tamén coa súa compañía diversas galas benéficas para organizacións non gobernamentais, como Manos Unidas (1995) e Ayuda en Acción (1998 e 1999), e participou en accións humanitarias como as Jornadas de Solidaridad con el Sáhara (1996, 1997 e 1998).

Algunhas das coreografías de Druída Danza foron interpretadas por distintas compañías, como Ballet do Noroeste (Viana do Castelo), Ballet de Cámara de Alicia Alonso (Madrid) e Ballet Nacional de Santo Domingo (República Dominicana).

Mercedes Suárez foi galardoada con diferentes premios polo seu traballo como coreógrafa. En 1990 recibe o do Certame de Teatro Ciudad de Lugo por *Drama de mulleres*. O certame Coreográfico de Galicia outórgalle o terceiro premio por *O calar do tempo* en 2004 e a mención especial por *O anxo exterminador* en 2005. En Portugal recibiu o primeiro premio no Certame de Viana do Castelo. Tamén foi premiada en Madrid no Maratón de Danza, onde participaron máis de 150 compañías de toda España.

Entre os seus alumnos destacan nomes como Lucía Barbadillo (integrante da Compañía Nacional de Danza dirixida por Nacho Duato e, na actualidade, bailarina do Rambert Ballet en Inglaterra), Paula de Castro (primeira bailarina do Ballet da Ópera de Niza) e Miguel Ángel Ponte (bailarín convidado no Joven Ballet de Cámara de Alicia Alonso e no Ballet Nacional de Santo Domingo).



Isaac Garabatos

Composición e dirección musical

Isaac Garabatos iniciou a súa formación musical entre Madrid, Londres e Barcelona. En Madrid atendeu ás clases do Ateneo Jazz, onde se diplomou en Harmonía Contemporánea e Música Moderna. Na capital británica asistiu ao G.I. London e en Barcelona a L'Aula.

É un dos músicos e compositores máis versátiles do panorama musical galego, xa que mantén unha frutífera actividade na composición musical para espectáculos de danza. Realizou traballos para diferentes obras de danza contemporánea, teatro e curtametraxes, así como composicións para grupos de jazz, fusión, latin-jazz, funk, folk, pop, rock e dance.

A súa polivalencia artística permítelle desenvolver actividades diversas no mundo da creación, onde combina desde 2005 o seu labor de músico e compositor con formacións como ISGA Collective, Donatore di Groove ou Sulxeitos, coas de produtor e dinamizador cultural desde a produtora viguesa Sul Producciones.

En 2004 realiza a súa primeira composición para un espectáculo de danza: *A redeira*, de Druída Danza. Séguelle en 2005 a representación *Cadanseu chapeu*, da compañía Disquedanza. En 2006 e 2008 repite con Druída Danza con *Verde transparente* e *ABC Danza*, respectivamente. En 2008 e 2009 compón o acompañamento musical das obras de Branca Novoneyra *Nexus 6* e *Game Over*. En 2009 traballa para Tender a Man, colectivo artístico liderado pola poeta Yolanda Castaño.

Destacan tamén os seus traballos como produtor discográfico en *A redeira*, coa formación Isga Collective, en 2005; en 2009 para *Dios es sexto*, con Donate e di Groove; e en 2010 con Lulavai para *CorDasVerbas*.

Como produtor audiovisual, director e guionista, realizou *Ondas (Sete mulleres, sete cantigas)* en 2006.



Antonio Simón

Deseño de escenografía
e iluminación

Antonio Simón naceu na Coruña, cidade na que se licenciou en Arte Dramática, na especialidade de Interpretación. Destaca a súa formación en escenografía e interpretación desde principios da década dos setenta, así como as súas publicacións sobre teatro e a súa actividade docente en todas estas materias.

A súa actividade profesional abrangue un amplo espectro de expresións artísticas, formatos e tarefas, pasando polo cinema, o vídeo e a televisión, nos que desenvolveu case todas as funcións posibles na produción audiovisual e escenográfica para infinidade de producións galegas.

Como realizador traballou, entre outras moitas, en producións como o documental *Tribus-Karakoeiros*, do que tamén é guionista e director, en 2009; ou na produción do Centro Dramático Galego *O ano do cometa*, de Quico Cadaval, en 2004.

Como iluminador, escenógrafo e figurinista, a súa actividade desde 1971 é incesante: *A velada*, con dirección de Lino Braxe, ou *A bombilla máxica*, dirixida por Xúlio Lago, por citar algúns dos seus últimos traballos. O seu dominio da escena permítelle asumir tamén as facetas de vestuario ou espazo escénico con naturalidade.

Na dirección cinematográfica, destaca o seu traballo en *Fendetestas*, realizado en 35 mm en 1975, da que tamén é guionista. Como director de teatro, a súa produtividade é igualmente constante a partir 1973, ano desde o que dirixiu máis de vinte obras. Algúns exemplos recentes son *Ocaso Otero* e *Mozart en la calle*, ambas de 2007; ou *El carnaval de los animales*, unha produción de 2005 coa Orquestra Sinfónica de Galicia.

Como actor, as súas interpretacións para teatro, cinema e televisión son constantes desde que se iniciara en 1971 con *Cróneca do sol de inverno*, de M. Lourenzo Antonio. A súa última interpretación teatral remóntase a 2004 con *O encoro*, de Xúlio Lago. Na gran pantalla destacan traballos como *Sin motivo aparente*, de Eduardo Gabín, en 1995; *Dame algo*, de Héctor Carré, en 1996; ou *O lapis do carpinteiro*, de Antón Reixa, en 2001, entre outros. Para a televisión, son salientables as súas aparicións en coñecidas series da TVG, como *O nordés*.

A súa produtiva carreira foi premiada en repetidas ocasións, entre as que están os premios AGAPI á mellor película e mellor director por *La novia de medianoche*, o premio de Escenografía nos premios do teatro galegos, a distinción á mellor película en vídeo no XV Festival de Cine Independiente de Elxe por *Estela do río*, e o premio da crítica por *Fendetestas* no Festival de Cine de Huesca.



Marcos Garabán

Deseño de vestiario

Nado na Coruña, Marcos Garabán é licenciado en Historia da Arte pola Universidade de Santiago de Compostela. Cursou estudos de técnico teatral na London City Literary Institute de Londres, e Deseño, Patronaxe e Confección Téxtil no Centro de Diseño y Patronaje Liper da Coruña.

Aínda non rematara a súa formación académica cando empeza a traballar no deseño de moda en teatro, cine e televisión. Tras o seus traballos coa firma galega Provence Modas e co deseñador Ángel Nimo, funda a sociedade Fontenla y Garabán, S.L., coa que obtén o premio á mellor colección na pasarela de Vitoria Gasteiz.

Xa en solitario, e coa firma que leva o seu nome, ten creadas seis coleccións, e participado en distintos certames de moda. Dispón de puntos de venda en Galicia, País Vasco e Andalucía, e ten a súa sede en Madrid.

A súa experiencia como deseñador de vestiario nas artes escénicas é probada con traballos para compañías como Taller de Teatro de Speculum, Vagalume, Entresijos Vanilocuentes Organizados (E.V.O.), a London City Lit Theatre Repertory Company ou Caramuxo Teatro.

Traballou tamén para televisión e cinema como director de estilismo do programa Cifras e Letras na TVG, e como deseñador de vestiario de curtametraxes como *Había unha vez...*, ou *Soños de talco*, ambos de Germán Gundín, e *El talismán*, de Miguel Ángel Izquierdo.

Entre as súas distincións destaca, así mesmo, o premio á mellor colección do Singular Stop IV – I Semana de la Moda de Galicia en 2010.



Rosa Cedrón

Vocalista (artista invitada)

Nace en Monforte de Lemos (Lugo) en 1972. Á idade de oito anos desprázase a vivir á Coruña e, con dez, ingresa no conservatorio, onde comeza a tomar clases de violonchelo, atopando neste instrumento de corda a súa vocación e a súa paixón. Mentres completa os seus estudos, entra a formar parte da Orquesta de Cámara Municipal da Coruña, e, posteriormente, na banda municipal da cidade.

Rosa Cedrón vai desenvolvendo durante estes anos un destacadísimo expediente, o que lle dá acceso a unha praza de profesora no Conservatorio de Ferrol, onde afonda na súa formación clásica. É durante esta época cando recibe a invitación a colaborar nun concerto conmemorativo do décimo aniversario do grupo Luar na Lubre no Teatro Rosalía da Coruña, un evento que cambiará a súa carreira profesional. Este primeiro contacto, nun momento de reestruturación da banda, desencadea a súa entrada no grupo, en principio, como violonchelista. Pero a súa voz non pasou desapercibida para os integrantes de Luar na Lubre –entre os que figuraba o seu irmán Javier Cedrón– e propuxéronlle que asumise a voz do grupo.

A súa nova actividade lévaa a renunciar á praza de profesora no Conservatorio para dedicarse de cheo ao grupo, onde desenvolve unha técnica de canto recoñecida e que a leva, en 1998, a actuar na presentación en Londres do *Tubular Bells III*, de Mike Oldfield.


Con Luar na Lubre permaneceu durante nove anos, nos que gravou cinco discos e deu infinidade de concertos, algúns deles nos mellores escenarios do mundo. Simultaneou o seu labor na banda con participacións en diferentes traballos, como o xa mencionado *Tubular Bells III*, gravacións con Barbería del Sur, ou a banda sonora orixinal do filme *Blanca Madison*.

Rosa Cedrón anuncia en 2005 a súa saída de Luar na Lubre, movida polo desexo de desenvolver a súa faceta como solista e expresar a súa propia musicalidade. En 2007 edita o seu primeiro traballo en solitario, *Entre dous mares*, co que obtén unha notable acollida, o que a leva a unha intensa xira por España e Francia. Realiza, durante esta época, varias e importantes colaboracións, entre as que destacan o espectáculo *Night of the Proms*, con Mike Oldfield, ou a interpretación do Himno de Galicia coa Orquesta Nacional de Cuba con motivo do seu centenario.

Actualmente prepara o seu segundo traballo de estudo, ao tempo que desenvolve un proxecto conxunto con Cristina Pato.

O corpo de baile

O corpo de baile de *Etheria* está integrado por 12 bailaríns (6 homes e 6 mulleres) escollidos expresamente para este proxecto mediante un proceso de audición ao que concorreron 72 profesionais de diferentes países de Europa e América. O equipo resultante é un grupo diverso na súa procedencia xeográfica, formación e disciplina, aínda que absolutamente cohesionado nun traballo interpretativo que combina a precisión co sentimento.



Irene Rubio [Etheria]

(Madrid, 1989)

É titulada en Grao Medio de Danza Clásica no Real Conservatorio Profesional de Danza Mariemma e actualmente está cursando estudos de coreografía e interpretación no CSD María de Ávila. Completou a súa formación asistindo a estudos de circo na Escuela de Circo Carampa (Madrid).

Destacan a súas participacións na peza *Texane*, dirixida por Claude Brumachon no Centro Cultural La Vaguada, ou na Madrigal de Nacho Duato, na mostra de xoves artistas de Chemnitz en Alemaña.

Participou tamén en producións do Angel Corella Ballet, no Teatro Circo Price, e no Teatro Real de Madrid, co que actuou en representacións como *La Gioconda* ou *L'Orfeo*. Realizou tamén distintas participacións co Taller do Real Conservatorio Profesional de Danza Mariemma.



Ariel Gastón A. Caramés [Prisciliano]

(Arxentina, 1978)

Comezou a súa carreira artística en Arxentina, onde recibiu clase no Teatro Colón e formou parte do Ballet del Teatro Maipo. Estivo durante catro anos en EE.UU., onde chegou cunha bolsa para formar parte da escola Miami City Ballet. En Norteamérica foi dirixido por figuras como Vladimir Issaev na Arts Ballet of Florida, ou Ray Sullivan no Miami Contemporain Dance Company. Participou tamén como solista no Festival Internacional de Ballet de Miami.

De volta en Arxentina integrou o Ballet Contemporáneo do Teatro San Martín coa dirección artística de Mauricio Wainro, realizou varias actuacións como solista e compartiu escenario con bailaríns como Ángel Corella, Maximiliano Guerra ou Paloma Herrera. En 2008 entra a formar parte da Compañía del Ballet Argentino coa dirección de Julio Bocca, onde leva a cabo, por segunda vez consecutiva en Arxentina, un *pas de deux* para o Día Internacional da Danza representando o Ballet Argentino.

Actualmente reside en España, onde ten participado en interpretacións con bailaríns da compañía de Maurice Béjart como Víctor Jiménez e Luciana Croato.



Miguel Ángel Ponte [Sátiro]

(Cambre, A Coruña, 1983)


Licenciado en Coreografía e Interpretación pola Universidad Rey Juan Carlos, cursa actualmente estudos de Grao Medio na Escola de Danza Druída e no Real Conservatorio Profesional de Danza de Madrid.

Destacan as súas participacións en representacións coa compañía galega Druída Danza: *O calar do tempo*, *A redeira*, *20 años no es nada* ou *Verde transparente*. En Madrid participa en varias funcións de *El cascanueces* para o Joven Ballet de Cámara de la Comunidad de Madrid.

Mención á parte merecen os seus traballos co Ballet Clásico Nacional da República Dominicana, onde é contratado como artista internacional en calidade de solista principal, con actuacións como *En el nombre de los inocentes*, de Miguel Ángel Ponte; *Danzón*, de Carlos Beitía; ou *Divertimento*, de Juan Fidel Mieses.

Actuou co CCG en diferentes producións, como *Giseliña*, de Cisco Aznar, e noutros proxectos, como *La 8*, de Erick Jiménez, ou *Kira*, de Kirenia Martínez.

Foi premiado coa mención “Bailarín máis Destacado” no Certame Coreográfico Galego (2004) e acadou o terceiro premio no Concurso Nacional de Danza de Torrelavega (2005).



Elena Chamorro

(Madrid, 1983)

Comezou a súa formación en danza clásica no Real Conservatorio de Danza de Madrid. Entre os seus mestres de baile destacan Santiago de la Quintana, Carmina Ocaña, Pino Alosa, Carmen Roche, Virginia Valero, Ricardo Franco, Lázaro Carreño, Sofía Sancho, Tino Moran, José Antonio Quiroga, Aurora Bosch, Orlando Salgado, Jocelyn Alicart, Alicia de la Corte, Ángela Santos, Teresa Nieto, Francesc Bravo, Jodi Goodman, Guiuseppe Stella ou Michelle Man.

A súa experiencia profesional é relevante, coas participacións en compañías como Uña's Compas, dirixida por Ricardo Franco, e na Compañía de Danza de Laurentiu Guinea, entre os anos 2001 e 2003. En 2005 pasa a formar parte de Arte369, dirixida por María Giménez, e en 2008 entra na Compañía de Danza Santamaría, dirixida por Juan Carlos Santamaría.




Fátima Fernández

(México, 1982)

Inicia en 1989 estudos de danza española no Real Club España e, máis tarde, comeza a súa formación clásica no Centro Cultural Ducal de México. En 2001 entra no Delta Festival Ballet de New Orleans con mestres como Joseph Jacobbe, Rochelle Zide-Booth ou Zygmunt Szostak. Chega a Madrid en 2004, onde continúa a súa formación clásica da man de profesores do Conservatorio Superior de Danza.

Da súa experiencia como bailarina é salientable o seu período no Ballet Teatro Flamenco entre 1995 e 1991, dirixido por María Antonia Morales, onde participa en representacións como *El amor brujo*, *Las sillas flamencas* e *Majas al alba*, todas de M. Antonia Morales; en *Raíces* e *Latidos*, de Amaranta Morales; ou nas óperas *Carmen* e *Luisa Fernanda*. Entre 2002 e 2004 actúa na Compañía Mexicana de Zarzuela Domingo-Embil e no Ballet Moderno de México.

Xa en España, baila para a Compañía de Danza Santamaría, baixo a dirección de Juan Carlos Santamaría, en producións como *Polvo*, *Danzas soñadas*, *Rikalda*, *Passe le Temps* ou *Sonidos de un jardín*.



Beatriz Garrido

(A Coruña, 1982)

Licenciada en INEF pola Universidade da Coruña, finalizou os seus estudos Oficiais de Danza na especialidade de Ballet Clásico. Vai completando a súa formación con varios cursos de perfeccionamento en diferentes escolas: o Centro Internacional de Danza Carmen Roche de Madrid; o Conservatorio de Danza da Deputación da Coruña, dirixido por Luciano Gómez; ou o Seminario de Expresión Corporal y Danza, impartido por Marta Bobo e Mita Adriana Beutel.

A súa experiencia como bailarina está ligada á figura de Mercedes Suárez, con quen participa desde 2004 en diversas producións de Druída Danza e en xiras coas que visita países como Portugal, Francia e Romanía. Entre os espectáculos de que forma parte están *O almorzo da nécora*, *ABC Danza*, *Verde transparente*, *20 años no son nada* e *O calar do tempo*. Bailou tamén na representación da ópera *La Traviata* coa Orquestra Sinfónica de Galicia.

Realizou ademais varias intervencións como bailarina en montaxes para televisión, entre as que destaca unha colaboración con La Fura dels Baus.




Ástrid Molinero

(Barcelona, 1990)

Comezou a súa formación artística en Barcelona en 1995 na escola Oriol Martorell. En 2002 entra no Institut del Teatre baixo a dirección de Ramón Oller e en 2004 complementa a súa formación en ballet na Eulalia Blasi Academy coa dirección de Eulalia Blasi.

No ano 2008 participa no London Studio Centre e na Images Company Tour, dirixido por Nick Espinosa. Destacan as súas actuacións no EESA/CPD de L'Institut del Teatre de Barcelona en representacións como *Paquita*, *La Bella Durmiente*, *Giselle* ou *Don Quixote*.

Coa Eulalia Blasi Academy é solista en *Chopiniana*, e forma parte do corpo de baile de diferentes producións (*Petite Mort*, *Swan Lake* ou *La Bayadere*, entre outras).



Lucía Antonella Sampieri

(Arxentina, 1982)

Comeza en Mendoza, Arxentina, os seus estudos de danza no Estudio Isolda Kleiman de Danza Clásica. En 1992 accede á Universidade Nacional de Cuyo, onde estuda baixo a dirección de Héctor Cavallini e Genooveva Sagués, tamén en Mendoza. En 1999 obtén o título de Mestra en Danza Clásica polo Estudio XXI (Mendoza), e en 2003 accede á Bolsa Nacional outorgada pola Fundación Julio Boca de Danza Clásica e Comedia Musical, dirixida por Julio Boca e Ricky Paskush en Bos Aires. Entre 2003 e 2005 cursa tamén na capital arxentina danza clásica e contemporánea no Teatro General San Martín, onde obtén o Certificado de Intérprete Profesional en Contemporáneo.

Entre os seus traballos destaca a súa actividade tanto en ballet clásico como contemporáneo, levada a cabo en cidades como Bos Aires, Londres ou Barcelona. Na capital catalá estivo a cargo de Pepe Hevia, David Zambrano, Antón Lackhi, Eleonor Valaré ou Ángel Margarit en Contemporáneo, e de Ángeles Lacalle ou Montse Giopis en Clásico, entre outros. En Londres traballou coa compañía Henri Oguiken Dance en 2008.

Actualmente é intérprete para a Compañía Contratango en Barcelona, dirixida por Francesc, e para Plan B, dirixida por Arantxa Sagardoy e Alfredo Bravo, en cidades como Tarragona, Valencia ou O Cairo. Desataca tamén pola súa actividade docente en danza clásica e contemporánea en centros como a Escuela de Comedia Musical e en Eizerestudio, en 2006 e 2007, ambas en Bos Aires.



Pablo Aradillas

(A Coruña, 1984)

Iniciou os seus estudos na Escola de Danza de Hannelore e Débora Alfaya. Realizou tamén un grao intermedio na Royal Academy of Dance. Completa a súa formación con cursos complementarios en expresión corporal e baile, entre os que destaca o Cursillo Internacional de Ballet Clásico, Repertorio y Paso a Dos no Centro de Danza de Víctor Ullate.

Participa como bailarín na produción do Centro Coreográfico Galego *Vacuo*, de Maruxa Salas, nos anos 2006 e 2007.

Na actualidade é compoñente de Druída Danza, onde participou en producións como *ABC Danza* ou *Verde transparente*. Actuou tamén co Grupo ISGA Collective en Bruxelas.

Recibiu o Primeiro Premio do Concurso de Coreografía no Conservatorio de Música e Danza Mayeosis, e foi finalista no VII Concurso Nacional de Danza Ciudad de Ribarroja del Turia, na modalidade de danza clásica.



Juan Miguel Hernández

(Madrid, 1975)

Realiza estudos de danza en Madrid na Escuela María de Ávila con Lola de Ávila, no Real Conservatorio Profesional de Danza con Aurora Bosch e Lázaro Carreño, e na Escola de Víctor Ullate.

Como solista, son salientables as súas actuacións en *Jardí tancat* e *Without Words*, con Nacho Duato; en *L'Oiseau de feux* e *Sept dances grec* con M. Bèjart; en *Vertiginous* con W. Forsythe; nos *Kammerballet*, *Cinco tangos*, *Concertante* e *Solo for Exactitus*, de H. van Manen; ou nos *Jaleos*, *Arrayan d'Araxa*, *Seguirillas* e *Tras el espejo*, de Víctor Ullate.

Como membro do corpo de baile, fixo representacións de diversa importancia con R. North (*Entre dos aguas* e *Troy Game*), con Víctor Ullate (*Ven que te tiene*, *El amor brujo* e *Don Quijote*) ou con Pascal Touzot (*First Touch*), entre outros.



Pastor Rodríguez

(Ferrol, 1974)

Principia a súa formación artística no Ballet Galego Rey de Viana, no que entra no ano 1992.

En 2002 pasa a formar parte de Druída Danza. Nese mesmo ano recala en Nova Galega de Danza, para volver en 2004 a Druída Danza, compañía na que permanece actualmente e coa que ten participado en varias das producións que se levan a cabo durante ese período.



Carlos Ugarriza

(Madrid, 1982)

Cursou estudos de danza contemporánea e clásica en centros como Broadway Dance Center, Peridance Center, Dance New Amsterdam ou MMAC Studios, atendendo a clases de ballet de mestres como David Howard, Lisa Lockwood, Lone Moretton ou Elena Kunikova. Entre os seus profesores de contemporáneo destacan Brice Mousset y Julie Bour (Release), Max Stone, Jana Hicks, Milton Myers (Horton), Pascal Riout (Graham), Benoit Swan Pouffer (Cedar Lake Company) ou Alan Danielson (Limón).

En 2008 gaña unha bolsa para realizar estudos no Steps on Broadway de New York. Diplomado en Enfermaría, comeza a súa formación artística na Escuela Insular de Teatro de Santa Cruz de Tenerife. Ten unha formación teatral notable. Realizou cursos de baile contemporáneo e clásico na Imperial Academy of Dancing. Entre as súas interpretacións cabe destacar a súa participación en producións da Romeo & Juliet Cirque (París, 2009) e coa Brice Mousset Company (Nova York, 2008-2009).

Os músicos

Os oito integrantes do grupo ISGA Collective, con Isaac Garabatos á cabeza, achegan a súa interpretación musical en directo ao desenvolvemento de Etheria. Os sons de instrumentos como a pandeireta, a frauta, a gaita, a guitarra, o violín, os teclados ou a percusión están presentes en cada paso dos bailaríns sobre o escenario.



Mónica de Nut

Voz e pandeireta

Diplomada en Pedagogía Musical pola Universidade de Vigo e licenciada na especialidade de Teatro Lírico na Escuela Superior de Canto de Madrid, Mónica de Nut é cantante de ópera, de jazz e de canto de raíz galego con experiencias sonoras de vangardas, así como de interpretación teatral. Dispón tamén de habilidade para a danza e a expresión corporal.

Realizou estudos de música e piano con Jaime Vilas e de canto coa soprano Patricia Blanco. Máis tarde, no Conservatorio Superior de Música de Vigo, recibiu tamén clases de canto coa soprano Teresa Novoa e o pianista Alejo Amoedo.

Licenciouse na especialidade de canto lírico na Escola Superior de Canto de Madrid coa soprano Ana Rodrigo e a pianista Aida Monasterio, con quen segue formándose actualmente. Asiste tamén ás clases de canto tradicional na Universidade Popular de Vigo con Chisco Feijoo e ao curso intensivo con Mercedes Peón. Toma clases de canto e improvisación na escola de jazz Estudio de Santiago co seu director e pianista, Suso Atanes, e co cantante Ramón Bermejo, e no Seminario Permanente de Jazz de Pontevedra con Paco Charlín e Abe Rábade.

A súa actividade teatral iníciase coa compañía Kasilocos (Jesús Pando e Miguel Condal) na obra *Ligazón*, de Valle-Inclán. Actualmente colabora con La Recua Teatro.

No eido do jazz foi a voz da banda Monalisa Rarajazz, e actualmente forma o Mónica de Nut Trío co guitarrista Virxilio da Silva e o contrabaixista e baixista Paco Dicenta. Cantou no coro de gospel Black Light Gospel Choir e colabora con Miñor Swing. No mundo da música tradicional cantou co grupo Brañas Folk, co que gravou o seu último disco.

É soprano solista en grupos de música antiga, renacentista e contemporánea –como Dhamar– e ten participado en varias montaxes, como *Orfeo e Euridice*, de Gluck; *Pomme d'Api*, de Offenbach; ou *Romeo et Juliette*, de Gounod. Máis alternativos son os seus traballos discográficos con ISGA Colective e Arte Nut, ou a súa interpretación de *Palabra* na ópera Experimental Off.



Lorena Freijeiro

Gaita, low e frautas

Nada en Vigo en 1983, é licenciada en Instrumentos da Música Tradicional e Popular Galega e diplomada en Maxisterio Musical. Inicia a súa traxectoria no ano 1990 na escola de gaitas de Coruxo dirixida por Hipólito Cabezas. Tres anos máis tarde comeza os seus estudos de gaita galega no Conservatorio Superior de Música de Vigo cos mestres Carlos Núñez, Ramón González e Xosé Luís Miguélez, onde obtén o Título Profesional de Música na especialidade de gaita.

Paralelamente, foi compoñente da banda de gaitas Bene Vivero (Bembri-ve), Leducia (Mos) e Provincia de Pontevedra, coa que realiza prestixiosas actuacións, como a do Festival Intercéltico de Ortigueira (1999), o Festival de Guimgamp en Francia (1998), o Festival de Strakonice na República Checa (2002) ou o día da Hispanidade en New York (2004).

Como mestra de gaita, ten impartido cursos en Salvador de Bahia (Brasil). Actualmente é profesora de gaita no Conservatorio Superior de Vigo e no Conservatorio Elemental da Guarda.

Canto á súa traxectoria como intérprete solista de gaita, deu importantes concertos coa compañía La Fura dels Baus, co grupo de música celta The Chieftains ou co gaiteiro Carlos Núñez.

É compoñente do grupo ISGA Collective, co que realiza numerosas actuacións, publicando no ano 2006 o seu primeiro traballo discográfico: *A redeira*.



Patricia Argüelles

Violín e voz

Licenciada en violín, asistiu a estudos de perfeccionamento baixo a tutela de Tomasz Tomaszewski (concertino da Deutsche Oper) en Berlín. Actualmente cursa a carreira de Canto Lírico en Vigo, e Harmonía Contemporánea, Composición e Arranxos na escola Ateneo Jazz en Madrid.

Na súa experiencia como violinista, destacan as súas colaboracións co coñecido músico británico Matt Elliott nos traballos *Failing Songs* (2006) e *Howling Songs* (2008), e actualmente en ISGA Collective.

Colaborou con artistas como Siniestro Total, Los Piratas e Marc Egleton (Natacha Atlas), e tocou en eventos como o Primavera Sound de Barcelona ou o Intercéltico de Lorient, e en salas de referencia como a Philharmonie de Berlín ou Congress Hall de Pequín.

Colaborou ademais con múltiples orquestras de España e Alemaña, en diversos países de Europa (Portugal, España, Italia, Francia, Bélxica e Alemaña) e Asia (Pequín, Huhaote, Jinjan, Daqing, Haerbin, Huheate, Nanchang, Longyan, Zhangzhou, Jinan e Jinzhou).

Recentemente foi bolseira polo Berklee College of Music en EE.UU., unha das facultades de música máis importantes do mundo, onde proximamente ampliará a súa formación.



Jesús Andrés Tejada

Guitarras, samplers, teclado e coros

Naceu en Tui en 1970 e é diplomado en Ciencias Empresariais. Como músico, formouse en Solfexo e Guitarra e participou en proxectos de danza como *A redeira* e *Verde transparente*, con ISGA Collective para a compañía Druída Danza, ou *Nexus 6* para a compañía de Branca Novoneyra, coa banda Sulxeitos. Tamén con Sulxeitos, colaborou en *Tender a man*, proxecto de poesía, danza e música con Yolanda Castaño e Branca Novoneyra.

Tomou partido en ciclos interdisciplinarios de importancia: *Verbum en verso*, *Arte na azotea* e *Mércores no solpor*.

Con ISGA Collective actuou en varias cidades europeas: Edimburgo, Liverpool, Bruxelas, Frankfurt e Lorient. Subiu a escenarios de renome como o FIB Heineken, o Festival Intercéltico de Lorient, o MARCO, o VERBUM, Taste of Spain (Edimburgo, Liverpool, Bruxelas), a Sala Nasa, o Auditorio de Galicia, o Teatro Principal de Santiago, o Teatro Rosalía Castro na Coruña, o Festival Implicadas ou o Centro Galego de Arte Contemporánea, entre outros.



Xavier Bértolo

Teclado e coros

Obtivo o Grao Medio de Piano no Conservatorio de Santiago de Compostela e ampliou a súa formación musical cos estudos de composición e análise co ex-catedrático da Universidade da Habana Carlos Santoys.

Estudou Harmonía Moderna con Suso Atanes e Piano Moderno con Manolo Gutiérrez na escola de jazz Estudio, de Santiago de Compostela. Asistiu á Escola de Música Creativa de Madrid, onde tomou clases de Piano Moderno e Improvisación con Jorge Kucich, Combo con Cheryl Waters, Adestramento Auditivo e Ritmo con Alejandro Roman, e Harmonía Moderna con Ramón Paus.

Actualmente estuda Composición e Arranxos con Ramón Paus, e Musicoloxía na Universidade da Ríoxa.

Entre a súa experiencia como músico, cabe destacar a participación no Seminario Permanente de Jazz de Pontevedra con Paco Charlín e Abe Rábade nos anos 2009 e 2010. Tamén toca coa banda Cró!, coa que ten un disco autoeditado. Participou como pianista para Patricia Moon nos directos do seu traballo discográfico. Actualmente desenvolve o seu labor na composición dunha banda sonora e na edición do seu segundo disco con Cró!.



Jean Marc Van Loo

Baixo e voz

Nado en Holanda en 1973, Jean Marc Van Loo comeza os seus estudos de música no Musicians Institute de Los Angeles en EE.UU. En 2002 ingresa na Escola de Jazz de Cangas (Pontevedra), combinando estes estudos coas clases de luthería na Escola de Artes e Oficios de Vigo que comezara en 1999. Anteriormente, en 1991, realizara estudos de Márketing en París.

A súa experiencia como baixista ten o seu comezo en 1989 no Instituto Francés de Hong Kong, nun grupo composto por alumnos e profesores. En 1991 entra a formar parte dun trío de rock en París, onde é cantante e baixista. Xa en España, a partir de 1999, pasa por varias formacións de rock, pop e jazz no panorama musical de Vigo. En 2003 entra como baixista e cantante no grupo Donatore di Groove, pertencente á rede musical da produtora viguesa Sul Producciones.

Combina a súa actividade musical sobre os escenarios coa fabricación artesanal de instrumentos como arpas celtas, *bouzoukis*, guitarras e baixos.



David Outomuro

Batería e percusión

Nado en Ourense en 1981, comeza os estudos de percusión no Conservatorio de Ourense aos 10 anos e con 15 obtén o diploma de Profesor de Percusión Tradicional. En 2002 finaliza a carreira de Educación na Universidade de Santiago de Compostela, continuando aquí a súa formación.

En 2007 finaliza o Grao Superior de Percusión no Conservatorio Superior de Música de Vigo e perfecciona as súas habilidades asistindo ás clases de mestres internacionais como Bodgan Bacanu, Miguel Bernat, Gary Burton, L. H. Stevens, Dave Weckl, Akira Jimbo, Greg Bissonette, Jim Kilpatrick ou Jim Black.

Foi membro da Orquestra Sinfónica do Sur de Galicia, da Orquestra Clásica de Vigo e do Coro Universitario de Santiago de Compostela. Tamén actuou coa Orquestra Sinfónica Nacional de Escocia e coa Orquestra Sinfónica da Bretaña Francesa, realizando xiras por América e Europa. Son tamén destacables as súas colaboracións con artistas como Carlos Núñez, Cristina Pato e Susana Seivane.

Desde 2003 dedícase á docencia en centros como a Escola de Música Tradicional da Deputación de Pontevedra, o Conservatorio Profesional de Música do Carballiño e o Conservatorio Profesional de Música de Ourense. Actualmente é profesor titular de percusión no Conservatorio Profesional de Música de Vigo. Ten publicados máis de vinte traballos discográficos e tres métodos de percusión.

